



## Cuestionario de autoavaliación para os traballadores e as traballadoras

### Unidade de competencia.

Montar e manter instalacións de megafonía e sonorización de locais

**Código.**

UC0597\_2

**Nivel.**

2

### Cualificacións profesionais e títulos de formación profesional asociados á unidade de competencia.

#### Cualificación profesional.

Montaxe e mantemento de instalacións de megafonía, sonorización de locais e circuío pechado de televisión

**Código.**

ELE188\_2

**Nivel.**

2

#### Título de formación profesional.

Instalacións de telecomunicacións

**Código.**

MELE02

**Nivel.**

Grao medio

### Por favor, lea atentamente as instrucións seguintes.

Conteste a este cuestionario de xeito sincero. A información recollida nel ten carácter reservado, ao estar protexida polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O seu resultado servirá soamente de axuda, orientando en que medida posúe a competencia profesional da unidade de competencia.

Non se preocupe, con independencia do resultado desta autoavaliación, vostede ten dereito a participar no procedemento de avaliación, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.

---

, de de 201

A persoa candidata

O asesor ou a asesora

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Sinatura: nome, apelidos e DNI



**Instrucións para cubrir o cuestionario.**

Cada actividade profesional principal (APP) componse de varias actividades profesionais secundarias (APS). Lea atentamente cada APP e a continuación as súas APS. En cada APS marque cunha cruz o indicador de autoavaliación que considere máis axustado ao seu grao de dominio das APS. Eses indicadores son os seguintes:

1. Non o sei facer.
2. Pódoos facer con axuda.
3. Pódoos facer sen precisar axuda.
4. Pódoos facer sen precisar axuda, e mesmo podería formar outro traballador ou traballadora.

**APP1 Montar o sistema de cableamento seguindo os procedementos establecidos na documentación técnica do proxecto, en condicións de seguridade e cumprindo a normativa.**

**Indicadores de autoavaliación**

1	2	3	4
---	---	---	---

APS1.1	Facer a implantación das canalizacións da instalación respectando as prescricións do plano de distribución.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.2	Comprobar as características do material acumulado, tomando como referencia as especificacións de fábrica.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.3	Distribuír o material das canalizacións e o cableamento, cumprindo en tempo e forma o plan de montaxe.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.4	Montar as canalizacións cos seus elementos de fixación, de acordo coas especificacións de fábrica, asegurando a suxeición mecánica e a calidade estética.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.5	Tender os cables da instalación sen modificar as súas características, seguindo o procedemento establecido no plan de traballo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.6	Agrupar os cables seguindo o criterio e procedemento establecidos na orde de traballo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.7	Etiquetar os cables seguindo o sistema de codificación establecido.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS1.8	Elaborar o informe da montaxe desenvolvida, documentando as modificacións introducidas e utilizando o modelo establecido.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**APP2 Instalar equipamentos e elementos do sistema de sonorización e megafonía seguindo os procedementos establecidos na documentación técnica do proxecto e manuais de fábrica, en condicións de seguridade e cumprindo a normativa.**

**Indicadores de autoavaliación**

1	2	3	4
---	---	---	---

APS2.1	Distribuír o material cumprindo en tempo e forma o plan de montaxe.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.2	Colocar os equipamentos (pupitres microfónicos, gravadores/reprodutores, amplificadores e receptores de microfónos sen fíos, etc.) e elementos difusores de sinal (altofalantes en teito, caixas e columnas acústicas, etc.) da instalación. 2.3. Montar os armarios coas tomas de corrente e os elementos requiridos para a montaxe dos equipamentos, a refrixeración, as posibilidades de expansión e a organización do cableamento.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.4	Instalar no armario os equipamentos da instalación colocados nel (gravadores/reprodutores, amplificadores e receptores de microfónos sen fíos, etc.).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.5	Instalar os elementos difusores de sinal (altofalantes en teito, exponenciais, caixas acústicas e columnas acústicas, etc.), asegurando a suxeición mecánica, a calidade estética e a orientación adecuada.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.6	Fixar os equipamentos da instalación non colocados no armario (pupitres, microfónicos, etc.) seguindo os planos e os esquemas de distribución.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.7	Conectar equipamentos e elementos difusores de sinal da instalación.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.8	Etiquetar os equipamentos da instalación segundo o procedemento e o sistema de codificación establecidos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.9	Efectuar as probas funcionais comprobando os parámetros acústicos (nivel sonoro e reverberación, etc.), verificando a transmisión do sinal e a súa calidade entre os equipamentos e os elementos de difusión.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS2.10	Elaborar o informe da montaxe desenvolvida, documentando as modificacións introducidas, utilizando o modelo establecido.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**APP3 Manter instalacións de megafonía e sonorización de acordo cos procedementos establecidos, no tempo de resposta requirido, en condicións de seguridade e cumprindo a normativa.**

**Indicadores de autoavaliación**

1	2	3	4
---	---	---	---

APS3.1	Verificar as indicacións recollidas na parte de mantemento considerando as observacións e probas de funcionamento na instalación.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
--------	---	--------------------------	--------------------------	--------------------------	--------------------------



**APP3 Manter instalacións de megafonía e sonorización de acordo cos procedementos establecidos, no tempo de resposta requirido, en condicións de seguridade e cumprindo a normativa.**

**Indicadores de autoavaliación**

		1	2	3	4
APS3.2	Diagnosticar, de ser o caso, a disfunción ou avaría, e os elementos afectados (cableamento e equipamentos) mediante as medidas requiridas (niveis de sinal e continuidade, etc.).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS3.3	Elaborar o informe de custos incluíndo materiais e tempos de intervención estimados, facilitando a elaboración do orzamento de reparación ou da acción de mantemento que se vaia desenvolver.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS3.4	Comprobar, de ser o caso, que cada elemento que se vaia colocar cumpra as mesmas especificacións que o substituído.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS3.5	Substituír os elementos requiridos (elementos difusores, equipamentos e medios de transmisión) seguindo as instrucións de fábrica.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS3.6	Axustar os elementos substituídos coa precisión requirida, e comprobar o seu funcionamento segundo os parámetros de referencia establecidos.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
APS3.7	Elaborar o informe da reparación, documentando as modificacións introducidas e utilizando o modelo establecido.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>